

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA
(Expte. 287/2024)

DONA PAULA MARÍA FERNÁNDEZ PENA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA (Pontevedra) en virtude das facultades que me confire a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Á vista da proposta do Tribunal encargado de xulga-lo proceso de SELECCIÓN DE UNHA (1) PERSOA DESEMPREGADA, (CONDUTOR/A CAMIÓN), PARA A REALIZACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2024 correspondente á Liña 3, polo sistema de concurso-oposición, de data 21 de marzo de 2024, e unha vez examinada a documentación obrante no expediente,

RESOLVO:

Primeiro: Seleccionar como persoal laboral temporal para a realización da obra ou servizo denominado **“PLAN DE CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVIZOS MUNICIPAIS 2024, CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO Plan +Provincia para a activación do emprego 2024 correspondente á Liña 3”** (CONDUCTOR/A CAMIÓN) por alcanzar a maior puntuación a:

Apelidos e Nome	DNI	Puntos
FERRADAS MONTOUTO ÁNGEL	**4821***	4,55

Segundo: Antes das 12,00 h do día 26 de marzo de 2024, e conforme o sinalado na cláusula oitava, as persoas seleccionadas deberán aportar antes da formalización do contrato a seguinte documentación, sempre que non a tivesen presentado con anterioridade:

- Copia compulsada do DNI.
- Orixinal ou copias cotexadas das titulacións presentadas como méritos
- Certificado médico orixinal acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións correspondentes ao posto que se optou.
- Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.
- Certificación bancaria do número de conta corrente, para realizar o ingreso da nómina.
- Copia da tarxeta da Seguridade Social.

Terceiro: As persoas seleccionados/as para os postos non presentasen a citada documentación dentro do prazo concedido, salvo causas de forza maior xustificadas, non poderá ser nomeado/a para o posto, quedando anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude.

Cuarto: Comunicar a presente resolución ó Departamento de Recursos Humanos do Concello de Silleda e ó Pleno corporativo na vindeira sesión que se celebre.

En Silleda, na data da sinatura electrónica

A ALCALDESA
Asdo. Paula M.^a Fernández Pena

A SECRETARIA
Asdo. Déborah García Suárez

